


Memoria e lañas

A luz que nunca estiña, a mirada primixenia que nos conforma e a raíz que entrama resistente e soterrada. Tamén o sangue que nos convoca, os que queremos e quixemos, a memoria que nos esencializa en profundísimas correntes subterráneas, mais tamén en lañas e estigmas que foron cernándonos. Liñas todas elas converxentes nun único punto de fuga: *A luz e as súas cicatrices*, último libro da xornalista e poeta Eva Veiga.

Os que aquí comparecen son os fulgores eumeses da súa nenez. Quen os convoca é a estirpe que se perpetúa, mais tamén a acordanza sensorialista e o relembrado dos devanceiros. Poesía libertaria e cósmica, de indagación do eu e a súa amorosa disolución no outro. Versos de afirmación esperanzada, resolución simbólica e corpo densificado ata o haikiano. Poemas de antinomías existenciais e metaforizacións sorprendentes, un labiríntico despregue

Escura mordedura da luz

 ARMANDO REQUEIXO



simbólico no que a luz e os seus reversos, as mans vedoras e os paxaros verbais alicer-

zan os sólidos muros deste castelo lírico.

Nada fica aquí ao azar. Hai razón fundada para todo: o sangue que nos busca, o leite primeiro e a primavera primeira, mais tamén os mares que habemos navegar e o escuro segredo das aves que nos acompañan. Hai visións e incendios que nos visitan dende antes do Tempo, dende os limos da conciencia.

Eles dan sentido á condición da rosa e a poética do canto. Da morte e a

nada, desa cifra secreta ren se teme, porque xa se estiwo alá e agora son os trigais das gabias do camiño da vida os que deitan luminarias ante o paso da poeta renacida. O sangue urra luz, demanda infinito enerxía, ser en luzadas imposibles. Porque a tribo acompaña e a súa memoria arreda as sombras todas.

No prólogo (brillante, mais excesivamente relixional para unha poesía que non o é) a este *A luz e as súas cicatrices*, Luz Pozo Garza abráiase ante “Tanta paixón. Tanta vitalidade. Tanto amor.”, no que entende “Un cántico permanente á Vida e ós seus froitos inmediatamente en sazón despois da flor.” Ben certo é que son estes poemas luminosos e que, como escribe Eva Veiga, “contra as probas da destrución” sempre “persiste e emoción no seu ardor”. A mesma emoción, esa “escura mordedura da luz”, que nos sacode tras a súa lectura.

VEIGA, Eva, *A luz e as súas cicatrices*, Col. Esquíu, Ferrol 2006, 91 páxinas.